



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE NOVEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1065/2012.- M. CARMEN SUAREZ LIÑARES.- Conceder licenza para construción de edificio de dúas plantas, garaxe e trasteiros na rúa Pastoriza, 12.

LIC/1584/2012.- ANTONIO MUIÑO VEIRAS.- Conceder licenza para acomodación de planta baixo cuberta do inmovible ao Plan Especial PE-1 na rúa Algalia de Abaixo, 17.

LIC/1298/2013.- MANUEL RAÚL IGLESIAS VILAR.- Conceder licenza para rehabilitación dunha cuberta dunha construción de carácter tradicional vinculada á edificación principal na rúa Meixonfrío, 24.

PRÓRROGAS

LIC/1319/2013.- XOSÉ LUIS TRINCADO ALVAREZ.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 05 de outubro de 2010 para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Campo do Forno, 42.

LIC/1438/2013.- DAVID REGUEIRO TATO.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2011 para construción dunha vivenda unifamiliar en Lg. Aldea de Abaixo.

RECURSO DE REPOSICION

LIC/259/2013.- M^a VICTORIA TABOADA MARTÍNEZ.- Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de abril de 2013.

LIC/515/2013.- JOSÉ LUIS LISTE MUJICO.- Estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de agosto de 2013 e acceder a devolución da fianza da LIC/1576/2012.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1417/2013.- MIGUEL ANGEL TURNES BALSA.LIC/573/2013 1.000 €

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da solicitude do pagamento da axuda para elementos especiais de madeira da Cidade Histórica á Comisión Executiva do Consorcio da Cidade de Santiago.

A XGL aprobou, a proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano, unha axuda para a rehabilitación de elementos especiais de Madeira dos edificios e vivendas da Cidade Histórica por un importe de 5.280 €.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión á Federación Galega de Baloncesto de instalacións deportivas municipais para a tempada 2013/2014.

A vista dos escrito da Federación Galega de Baloncesto no que se solicita o uso de varios pavillóns municipais para poder desenvolver, entre outras actividades, unha nova tempada de minibásquet en idade escolar, a XGL aprobou concederlle á devandita entidade o uso, con carácter prioritario, a utilización dos Polideportivos de Retollal, Quiroga Palacios, Monte dos Postes e Lorenzo de la Torre para a práctica do minibásquet durante a tempada 2013/2014.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao programa específico de natación orientado á participación de colectivos que están a traballar con persoas con algunha discapacidade ou enfermidade crónica.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Deportes, o convenio entre o Concello e XADE (Empresa de Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos) mediante o que se realizará o programa específico de natación orientado á participación de colectivos que están a traballar con persoas con algunha discapacidade ou enfermidade crónica.

O Concello promocionará o programa entre os colectivos existentes na nosa cidade e prestará servizos administrativos. Pola súa banda XADE executará o programa durante os días lectivos segundo o calendario escolar 2013/2014.

7.- Dar conta da concesión de subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013.

Deuse conta á XGL da concesión de subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013 por un importe de 3.000 €.

8.- Dar conta da aprobación da documentación xustificativa da subvención da Deputación Provincial da Coruña para o mantemento da Escola Municipal de Música no ano 2012 e abono da subvención.

Deuse conta á XGL da aprobación da documentación xustificativa da subvención da Deputación Provincial da Coruña para o mantemento da Escola Municipal de Música no ano 2012 e abono da subvención por importe de 10.000 €.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de “Aforro enerxético en instalacións de alumeadado público municipal”.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de “Aforro enerxético en instalacións de alumeadado público municipal. Rúa Alfredo Brañas”.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á:

A) Aprobación do proxecto de mellora e mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre fase I-Ambito zonas I e II.

B) Aprobación do expediente de contratación, gasto e apertura do procedemento de adjudicación das devanditas obras, incluídas no programa Urbana Santiago Norte cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao FEDER dentro do Eixo número 5 do Programa Operativo do FEDER en Galicia para 2007-2013.

Importe: 1.508.800 euros. Prazo: 10 meses.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección dun erro material no prego de condicións administrativas e no documento RC do subministro e instalación de equipamento para a creación duna zona biosaludable en cada unha das parroquias do ámbito rural do termo municipal.

5.- Adjudicación do subministro de varios vehículos e o seu mantemento mediante arrendamento (RENTING) para o Concelo de Santiago. Lote 1: 31.944 euros. Lote 3: 78.988,80. Adjudicados a Noya Móvil SL.

6.- Adjudicación das obras a executar na zona denominada sectores 30+40-Vite+San Xoán. Adjudicado a Eulogio Viñal por importe de 87.044,45 euros.

7.- Solicitud de licenza de obras de instalación de invernadoiro en O Castro – San Marcos.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación dos prazos de resolución e xustificación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2013 ata o 15 de novembro.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto complementario da urbanización do polígono A do SUNP -6 (San Lázaro) redactado por PROYFE SA.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa ao cumprimento da sentenza do Xulgado Contencioso administrativo nº 2 de Santiago no procedemento ordinario 0000228/2011, sobre cumprimento da normativa de accesibilidade por parte da rede de transporte público urbano da cidade.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL para a organización das actividades do Día Internacional do Neno.

12.- Proposta da concelleira delegada de Comercio relativa á modificación das bases reguladoras das subvencións para a realización de actividades de promoción e dinamización comercial para 2013 e resolución da convocatoria.